



ALA LÁ

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA



nº 8 xuño 2016



E.D.L.G.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA
LINGUA GALEGA
DO CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE
MÚSICA DA CORUÑA

Uxía Vilar Pazos
Abraham Cupeiro López
Ángel Rodríguez Lozano
Abel R. Sánchez Sánchez
Nereida Rodríguez Fdez.

Deseño e Maquetación:
Uxía Vilar Pazos

Edita:
Conservatorio Profesional de
Música da Coruña

Imprime:
Gráficas Orzán, S.L.

Depósito legal: C-2876-2010
I.S.S.N.: 2172-0940

SUMARIO

- 2 Saúdo do director *Jesús López Prado*
- 3 O noso conservatorio *Jesús López Prado*
- 5 “Brass Band”- Tocando ao vento *M. Ángel Pardo Teijeiro*
- 9 Adalid, Patrimonio Musical Galego *Margarita Viso Soto*
- 20 Un conservatorio solidario *Raúl Galán Cerveró*
- 21 Gala lírica *Diana Sonkhieva*
- 22 “Let the music do the talking” *Uxía Vilar Pazos*
- 25 O recuncho da creatividade



SAÚDO DO DIRECTOR

A revista *A la lá* segue sendo un foro onde todos os membros da nosa Comunidade Educativa poden participar.

En primeiro lugar, quero facer referencia a diversas actividades complementarias e extraescolares feitas polo noso Conservatorio que fan del un referente musical na nosa comunidade:

As semanas musicais, os intercambios con outros centros tanto da nosa comunidade como do extranxeiro, as actuacións de distintos departamentos en colexios da nosa cidade, os encontros de música de cámara, a organización de distintos cursos de interpretación impartidos por prestixiosos músicos, os recitais de fin de Grao Profesional, o concurso de solistas que segue tendo unha gran acollida por parte do alumnado, os actos que conmemoraron o día das Letras Galegas, a semana solidaria polo Banco de Alimentos “Rías Altas” na que participaron todas as agrupacións do Centro, e a participación no IV festival “Arte pola igualdade” organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Xefatura Territorial de Educación celebrado o 30 de maio no Teatro Colón, no que colaborou o alumnado do C.E.E. María Mariño, que foi tamén un acontecemento importante, onde ademais participou alumnado de necesidades educativas especiais matriculado no noso Centro, o coro e a

Banda Sinfónica. Neste curso organizouse tamén o pasado 8 de maio, dentro da semana de conmemoración das Letras Galegas, o III Festival de Bandas no que participaron as tres agrupacións do conservatorio. Dito acto tivo lugar no auditorio do centro e contou cunha grande afluencia de público.

En segundo lugar, quero salientar o gran traballo que ven desenvolvendo o Claustro de Profesores, e a súa implicación en todas as actividades organizadas. Froito disto é a gran cantidade de alumnos/as que aproban as probas de acceso aos distintos conservatorios superiores tanto nacionais como doutros países.

En terceiro lugar, quero dar as grazas a todos os membros da comunidade educativa que dalgunha maneira colaboráchedes nos proxectos realizados neste curso, e participáchedes na elaboración desta oitava edición da revista *A LA LÁ*, e, en especial, aos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, a ANPA Mifasol, a todos os directores das agrupacións, á nosa coordinadora de Grao Elemental e a todos os membros do Equipo Directivo.

Jesús López Prado



A LA LÁ

O NOSO CONSERVATORIO

Jesús López Prado, profesor de clarinete e Director do Conservatorio Profesional da Coruña

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña é unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional, dependente da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria que conta con 754 alumnos/as matriculados neste curso 2015-16.

Conscientes da importancia e influencia do Conservatorio no eido cultural e educativo da cidade e de Galicia, dende a comunidade educativa mantemos un forte compromiso coa nosa cultura, cos nosos artistas e coas novas tecnoloxías, poñendo á vosa disposición os contidos educativos no noso sitio web.

Ademais da actividade docente da ensinanza de música, no centro realízanse diferentes actividades, tanto extra-escolares coma complementarias tanto no propio centro coma fora del, co obxectivo de completar a formación do alumnado, e de conseguir que sexan un foco relevante de dinamización cultural e social: concertos, conferencias, cursos de especialización, viaxes formativas, etc.

O conservatorio conta con varias agrupacións, das que cabe resaltar:

A orquestra sinfónica, a orquestra xuvenil, as dúas orquestras infantís de

grao elemental, a banda sinfónica, a banda xuvenil, a banda infantil, o coro de Grao Profesional, o coro infantil, as dúas agrupacións de percusión e un ensemble de guitarras e arpas.

O empeño da comunidade educativa na formación dos nosos estudantes non só se centra no ensino musical e artístico, senón que pretende inculcar nos mesmos, valores tan importantes nos momentos en que vivimos como a solidariedade, a igualdade, a non discriminación, etc. que se ve reflectido nas distintas colaboracións realizadas, como os actos do día da muller e o día contra a violencia de xénero, organizados polo concello coruñés, e os concertos solidarios en colaboración con entidades como a cociña económica, as ONG, Equis Cebra, Intermon Oxfam, Terra de Homes, a Asociación de Parálise Cerebral da Coruña, Aspronaga, o maratón a favor de Haití en colaboración coa Cruz Roja, etc. Neste curso académico 2015-16 organizouse no mes de decembro unha semana musical a favor do banco de alimentos Rías Altas na que se recolleron máis de 3000 kg. de alimentos, e no mes de abril un concerto solidario no Palacio da Ópera a favor da asociación Down Coruña onde participaron todas as agrupacións do Conservatorio e que tivo unha gran afluencia de público (1200 persoas).

Este conservatorio pretende estar sempre en constante evolución pedagóxica, e como froito deste



traballo, podemos congratularnos de que cristalizou, e xa estamos na XI edición, o concurso de solistas, enfocado a dar a oportunidade aos nosos alumnos de participar como solistas nas distintas agrupacións do centro.

O noso centro sente a preocupación pola integración social das persoas con necesidades educativas especiais. Desde fai 8 anos acariñaba a idea de poñer en marcha unha iniciativa específica e pioneira na nosa comunidade autónoma: achegar a vivencia e o goce da música ás persoas con NEE que tivesen aptitudes musicais; persoas estas que, habitualmente, non adoitan ter fácil acceso a bens culturais como é o caso da educación musical. No conservatorio temos o pleno convencemento de que, aínda que o grado de predisposición cara á música é diferente en cada persoa, ninguén está incapacitado para a música. Para o goce da música non existen limitacións, nin barreiras. Na concepción da música como medio de expresión e de comunicación, entendemos o traballo coas persoas con discapacidade como un medio de potenciar neles tanto o seu goce persoal como a súa inserción social.

Dito proxecto veu a luz coa publicación da orde do 16 de decembro de 2011 pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, dun proxecto para a incorporación de

alumnado con necesidades educativas especiais as ensinanzas elementais de música no Conservatorio Profesional de Música da Coruña. Nestes intres hai 11 alumnos matriculados no proxecto, e este ano graduase a primeira promoción.

Ademais deste alumnado o conservatorio en colaboración coa ONCE ten escolarizados dende o curso 2013/14 a 4 alumnos invidentes, sendo o centro educativo do noso estado onde máis alumnado está matriculado.

Dende o curso 2014/15 tense autorizado por parte da Consellería de Cultura, Educación e O.U. a posta en marcha con carácter experimental doutro proxecto innovador como é a posta en marcha de seccións bilingües de lingua inglesa que soamente se imparten en outros dous conservatorios da nosa comunidade. Con este proxecto o que se consegue é que o alumnado que así o desexe e dentro das especialidades que oferta o Centro, reciba as súas clases na lingua inglesa cara a conseguir unha maior proxección internacional formativa e profesional. Está a ter unha grande aceptación por parte de toda a Comunidade Educativa.

O esforzo diario de cada un dos docentes e traballadores deste centro, fai posible que formemos aos profesionais do futuro, garantindo a súa cualificación a través dunha formación artística integral de calidade.



A LA LÁ

“BRASS BAND” - TOCANDO AO VENTO

Miguel Ángel Pardo Teijeiro, profesor de trompeta

O pasado xoves 9 de Xuño ás 19.30 horas, dentro da “Quincena Musical” celebrouse no Auditorio o seguinte concerto onde participaron única e exclusivamente instrumentos de vento metal. As formacións que colaboraron foron o grupo de trompetas, grupo de trompas, dúos de trombóns, grupos de bombardinos e tubas e cerrando a audición o “Grupo de Metais” (Brass Band).

Todos os integrantes son alumnos e alumnas do Conservatorio no que non foi nada sinxelo formar unha

agrupación destas características debido sobre todo a que nesta semana e na anterior aínda estaban en época de exames. É de agradecer a súa participación e colaboración, xa que esta actividade non é obrigatoria e, polo tanto, supón unha carga lectiva extra para todos eles e elas. O numero



de alumnos e alumnas que participaron nos grupos por especialidade e no grupo de metais estiveron formados por 15 trompetas, 13 trompas, 8 trombóns, 7 bombardinos e 4 tubas, o que dan un total de 47 integrantes, a meirande maioría de grao profesional. A experiencia musical foi fantástica e esperamos que poida ter unha continuidade nos futuros anos académicos formando parte esencial dentro das “Quincenas Musicais” que organiza o centro.

O programa de man foi o seguinte:

AULA DE TROMPETA

- Teddy's Beat
Teddy Sandieben





A LA LÁ

AULA DE TROMPA

- Sailing
Sutherland
- Jurassic Park Theme
Arr. J.M. Ballesteros

AULA DE TROMBÓN

- 2 Dúos
Trombonades
- Trío Passion Fruit Samba
Autor Popular

AULA DE TUBA

- Oda a la alegría
L. V. Beethoven
- Power
John Stevens
- La tuba
Autor Popular

GRUPO DE METAIS (BRASS BAND)

- Vienna Philharmonic Fanfare
R. Strauss



Este proxecto nace da iniciativa e inquietude do profesorado pertencente ao Departamento de Vento Metal para ofrecer un repertorio propio de formacións de cada especialidade (Trompeta, Trompa, Trombón, Tuba) e de Grupo de Metais (Brass Band) que tanta aceptación teñen no resto de Europa. O nacemento desta formación se debe á case inexistencia deste tipo de conxuntos nas nosas comarcas e na nosa comunidade. Tamén se quere aproveitar este espazo para ofertar un produto educativo e cultural. A pretensión desta formación musical é procurar concertos mantendo a máxima calidade posíbel e difundir o repertorio orixinal para “Grupo de Metais”, así como tamén interpretar transcripcións de todo tipo de música que poida resultar interesante tanto para o alumnado como para o público ao cal nos diriximos.



Unha banda de metais ou máis coñecido como “Brass Band” é un conxunto normalmente composto exclusivamente por instrumentos de vento metal. En Gran Bretaña, o termo supón un xénero específico, que pode



A LA LÁ



explicarse en termos da súa historia, instrumentación, repertorio e expresións idiomáticas de interpretación. Este modelo británico foi imitado en varias partes do mundo. Un uso máis flexible refírese a todo o conxunto formado principalmente por instrumentos de vento (instrumentos de válvula, pistón, cilindros...), pero o significado non é sinónimo doutros termos comunmente usados como “quinteto de metais” ou “ensemble de metais”. Case sempre esta denominación máis flexible tamén significa música feita por afeccionados e ligados coas tradicións locais ou rexionais. Así, tendo ambos sentidos, pódese dicir que existen bandas de música en todo o mundo, incluíndo moitas en países e culturas non occidentais.

Xa para rematar, recomendo para toda a comunidade escolar o seguinte filme onde se pode observar



este tipo de agrupacións tan exclusivo da Gran Bretaña. A película titúlase *“Brassed off”* (na versión galega *“Soprando ao vento”*). Esta longametraxe británica de 1997 está escrita e dirixida por Mark Herman. Está interpretada por Pete Postlethwaite, Tara Fitzgerald e Ewan McGregor. A longametraxe é una traxicomedia musical sobre a problemática social dun pobo mineiro do norte de Inglaterra durante o goberno de Margaret Thatcher; narra cómo os traballadores dunha mina de carbón enfróntanse ao posíbel peche da mesma, o que suporía a perda dos seus postos de traballo e a desaparición da banda de música dos mineiros, institución local con máis dun século de historia. Así e todo, o director da banda, convence aos seus compañeiros para animalos a seguir competindo no concurso nacional de bandas que se celebra nun dos teatros máis coñecidos do mundo, o “Royal Albert Hall” de Londres. Cabe destacar as interpretacións da banda do “Concerto de Aranjuez” de Rodrigo e a Obertura

“Guillermo Tell” de Rossini nas diversas escenas atopadas neste filme.



A LA LÁ

ADALID, PATRIMONIO MUSICAL GALEGO. O PIANO

Margarita Soto Viso, pianista acompañante

A obra de Adalid componse principalmente dun considerable corpus pianístico (máis de 40 obras), algo de cámara, varias obras orquestrais, a ópera *Ines e Bianca* e un importante número de cancións en diversas linguas, entre elas as cancións galegas *Cantares Viejos y Nuevos de Galicia*, así como uns *Motetes* en latín.

Conservamos del moitas obras para piano e, a xulgar pola súa forma de proceder, é posible que escribira máis das que permitiu que quedaran para a posteridade, suprimindo seguramente bastantes por propia descatalogación ou por reutilizar o seu material noutras obras.

Hai que aclarar unha cuestión que pode sementar confusión na cronoloxía das obras de Adalid: a numeración dos 'opus'. Posiblemente respondendo a esa autodescatalogación, revisión, refundición, etc. das súas obras, Adalid, despois de ter xa compostas moitas, comeza outra vez dende o principio a numeración de 'opus' a partir das edicións que fai en París (anos 68-69). Por iso *El lamento* Op. 9, escrito aproximadamente en 1848,

leva o mesmo número que *Le petits riens* Op. 9, que datan aproximadamente de 1868 (vinte anos despois).

Como sabemos, tanto Marcial de Torres Adalid como Marcial del Adalid e Gurrea, foron discípulos de Moscheles en Londres. Non sabemos se coincidirían nalgún momento os dous curmáns, é posible. O que si sabemos é que este último foio posiblemente entre 1840 e 1844.

Sempre tiven para min que había un forte denominador común musical entre Moscheles, os dous curmáns e mesmo Mendelssohn. Digo que sempre o tiven para min porque non é máis ca unha intuición emanada da propia música dos catro. E evidentemente a explicación só pode estar en Moscheles quen foi o mestre dos outros tres.

O pazo de Lóngora, onde Adalid residía longas temporadas, pintado por Francisco Lloréns





Linaxe musical de Marcial del Adalid y Gurrea (A Coruña 24-VIII-1826-Lóngora 16-X- 1881)

Como músicos somos todos moi conscientes do importante que é a tradición e a ‘xenealoxía’ ou ‘linaxe’ artística da que procedemos pola nosa formación. Por iso voume deter na “linaxe” artística de Adalid a partir do seu mestre, Moscheles.

Ignaz Moscheles¹ (Praga 23-V-1794; Leipzig 10-III-1870), o mestre de Adalid, deixounos moitos testimonios dos artistas, cantantes, pianistas, compositores, instrumentos (pianos) e vida musical da súa época así como, en certas cuestións, as súas fundamentadas opinións e as súas preferencias persoais.

Por exemplo, vainos dando detalles dos pianos da época e da súa opinión sobre eles. Así sabemos que ata o 1830 os seus pianos favoritos eran os Clementi que eran os que usaba preferentemente en concerto, e tamén lle gustaban os Broadwood. Coñecía a Erard desde 1825 e os seus pianos de dobre escape. No 1830 usa por primeira vez un Erard en concerto, xa que lle gustaban moito para os adagios pola súa sonoridade: “un verdadeiro violoncello”, escribe.

Da súa forma de ensinar temos tamén algunha referencia directa. O seu concepto de ensino era moi completo xa que abarcaba non só a parte da técnica pianística senón a compositiva na que incidía especialmente. No ‘físico’, por exemplo, non era partidario do guía-mans de Kalkbrenner e no puramente musical consideraba imprescindible a práctica do baixo continuo (baixo cifrado) porque “axuda a ter unha mellor comprensión das boas obras e das regras da súa estrutura, sendo a gramática da arte do son, é unha axuda indispensable para unha profunda comprensión da música. A lectura do baixo continuo (cifrado) é necesaria como paso á lectura da partitura”, escribía en 1841.

Dos numerosos testimonios que deixou dos pianistas-compositores interésannos traer a colación para o que se refire a Adalid (e mesmo a Marcial de Torres Adalid) as relacións de Moscheles con Beethoven, Chopin e Mendelssohn. Teñamos en conta que Moscheles foi un dos grandes pianistas ‘de bravura’ da época e que tivo relacións persoais e profesionais cos seus colegas (Clementi, Kalkbrenner, Liszt, Hummel, Thalberg, Cramer, Clara Schumann, etc, etc.). Os concertos en que tomaban parte eran moitas veces compartidos entre dúas daquelas ‘estrelas’. Tocaban as súas propias composicións alternativamente, tocaban tamén a catro mans ou dous pianos e, como prato obrigado, improvisaban.

¹ MOSCHELES, Charlotte: *Life os Moscheles* with selections from his diaries and correspondence, adapted from the original german by A. D. Coleridge. London 1873.



A relación de Moscheles con Beethoven (Bonn, 16-XII-1770 -Viena, 26-III-1827)

Moscheles relata rapidamente a súa infancia e como, cando tiña a idade de 7 anos (sería 1801) vivía en tal furor beethoveniano que, pola súa conta, atreveuse ca *Sonata Patética*. El mesmo di: “Imaxínense como podería tocala. Imaxínense tamén a febre beethoveniana na que caín naqueles días que me impulsaba a destrozar as outras grandes obras do inmortal autor”. O seu pai pono entón baixo a dirección de Dionys Weber, quen lle prohibe usar as bibliotecas ambulantes –onde el se abastecía das obras de Beethoven- e lle marca unha ‘dieta’ de Mozart, Clementi e Bach durante un ano.

Non obstante, a devoción de Moscheles por Beethoven foi a mesma toda a vida. Máis adiante, xa ca perspectiva do músico formado, seguía atentamente a súa produción. Finalmente no 1823, nunha viaxe a Viena ten ocasión de visitalo e tratalo persoalmente. Ía con certo temor xa que o carácter de Beethoven era famoso e ademáis corría a especie de que non recibía músicos extranxeiros. Os temores eran infundados xa que Beethoven o recibe cos brazos abertos.

En febreiro de 1827, estando xa Beethoven doente da enfermidade que acabaría ca súa vida, escíbelle (o 22 de febreiro) a Moscheles que xa vivía en

Londres acerca dun concerto ao seu beneficio que, en certo momento, lle ofrecera a Sociedade Filarmónica de Londres. Explícalle que nunca utilizara esta oferta, pero agora, enfermo, víase na necesidade de pedirlle que movese ese asunto.

A Sociedade Filarmónica, da que formaba parte Moscheles, diante da gravidade da situación de Beethoven, deciden enviarlle por adiantado a cantidade de 100 libras, mentres fan os preparativos do concerto. Esta cantidade chega a Viena sen retraso.

A derradeira carta escrita por Beethoven (o 18 de marzo de 1827) está dirixida a Moscheles e nela expresa, entre outras cousas, a súa profunda gratitude polo xesto da Sociedade Filarmónica e explícalle que ten que empregar a totalidade dos cartos (que equivalían a 1.000 floríns), e, que cando teña lugar o concerto ao seu beneficio, que llos descuenten. Tamén que, se a Sociedade lle otorga o que puidera exceder no beneficio dese futuro concerto da cantidade adiantada, podería probar a súa gratitude a dita Sociedade escribindo para ela unha nova sinfonía cuxo boceto tiña enriba da mesa, ou unha obertura ou calquera cousa que a Sociedade desexase del. Reitérase en que nunca esquencerá a nobre conduta de Moscheles. Con esta mesma carta adxúntalle as indicacións metronómicas exactas da súa última sinfonía op. 125.



Beethoven morrería na madrugada do día 26.

A relación de Moscheles con Chopin (Zelazowa Wola, 1-III-1910; París, 17-X-1849)

Moscheles coñecía, por estudo, a obra de Chopin alomenos dende 1833 no que di: “Paso moi feliz algunhas das miñas horas de lecer da tarde cultivando o coñecimento dos *Estudos* de Chopin e outras composicións del. Estou encantado ca súa orixinalidade e a cor nacional dos seus temas. Meu pensamento, non obstante, e, a través dos meus dedos, tropezan con certas modulacións duras, inartísticas e, para min, inconcibibles. En xeral atopo a súa música demasiado doce, non bastante madura e a penas o traballo dun profundo músico”.

Con todo Moscheles desexaba coñecer a Chopin, igual que desexaba e procuraba o contacto con todos os colegas da época. Ata 1839 non ten ocasión de entablar relación con él. Sucede nunha viaxe de Moscheles a París en que consegue encontrarse con el: “O seu aspecto está totalmente identificado coa súa música, as dúas son delicadas e sentimentais. Tocou para min, á miña petición, e nese momento, por primeira vez, entendín a súa música, e se comprenden todos os ‘raptos’ das mulleres do mundo. O tocar ‘ad libitum’ que nas mans doutros intérpretes da súa música dexenera

nunha constante incertidume do ritmo, é nel un elemento de exquisita orixinalidade; As duras inartísticas modulacións, como as dun diletante, que nunca fun quen de darlles o xeito tocando a música de Chopin, cesan de chocarme, porque el se desliza sobre elas case imperceptiblemente cos seus dedos élficos. O seu toque suave é un mero alento, non se require un forte poderoso para producir os desexados contrastes. A consecuencia é que non se botan de menos os efectos orquestrais que a escola alemana demanda dos pianistas, senon que é conducido como algúns cantantes que se preocupan moi pouco do acompañamento e seguen os seus propios impulsos. En suma, é absolutamente único no mundo dos pianistas. Profesa gran estima pola miña música e coñece todos os meus acontecementos perfectamente. Tocou para min algúns dos seus *Estudos* e a súa última obra, *Preludios*. En reciprocidade toquei para el varias obras miñas”.

Chopin e Moscheles son chamados a tocar en palacio diante dos Reis de Francia (Luis Felipe I e María Amelia) quen os tratan con todo afecto e obsequian. Tocan nun piano Pleyel. Primeiro Chopin interpreta varios dos seus *Nocturnos* e *Estudos*. Segue Moscheles con varios dos seus *Estudos*. Logo, sentados xuntos ao piano -Chopin toca o baixo, algo no que sempre insistía-, a *Sonata* mi bemol maior de Moscheles. Chopin toca outro solo.



Moscheles improvisa sobre Mozart. Os Reis disfrutaban moito do concerto e piden a repetición dalgunha peza.

Cando Chopin morre, Moscheles escribe: “A Arte sufriu unha gran perda co pobre Chopin, xa que sin ser un compositor clásico ou un creador de obras mestras, poseía os máis raros talentos: profundidade de sentimento, tenrura e individualidade”.

A relación de Moscheles con Félix Mendelssohn (Hamburgo, 3-II-1809, Leipzig, 4-XI-1847)

A relación da familia Moscheles coa familia Mendelssohn en xeral e de Ignaz e Félix en particular empeza en 1824 –cando Félix ten 15 anos- e se vai estreitando co tempo chegando a ser unha amizade moi íntima que incluía tanto o aspecto personal das súas vidas como o aspecto musical e profesional.

O comezo da relación no 1824 é da seguinte maneira. A familia Mendelssohn buscaba a Moscheles para que lle dera clase a Félix e a Fanny. Moscheles coñecía o que Félix xa tiña escrito e sentía unha grande admiración por aquel neno prodixio. Non quería verse no compromiso de ter que facer de mestre de Félix, así que respondía aos requirimentos da familia con evasivas. Pero os Mendelssohn eran delicadamente insistentes, moi insistentes e chegou o momento no que Moscheles non se puido sustraer á

responsabilidade que se lle viña enriba e tivo que aceptar ser o mestre de Félix. A primeira clase a refrexa da seguinte maneira: “Esta tarde, de 2 a 3 en punto, din a Félix Mendelssohn a súa primeira clase, sen perder de vista nin por un momento que estaba sentado ao carón dun Mestre, non dun alumno”. A partir disto a amizade entre as dúas familias vai medrando de tal maneira que, cando nace o fillo varón de Moscheles, Félix Mendelssohn, con gran ilusión, será o seu padriño e o neno chamarase por iso tamén Félix.

Naturalmente Moscheles e Mendelssohn actuaron xuntos en varias ocasións.

Vexamos por exemplo un programa de concerto de 1840 en Praga, no que a orquestra está dirixida por Mendelssohn:

1) Obertura *Leonora*

Salmo 42 de Mendelssohn

Homenaxe a Haendel, conxuntamente ao piano, Mendelssohn e Moscheles.

2) Obertura “*As Hébridas*”

Concerto en sol menor de Moscheles (Moscheles ao piano)

Triple concerto de Bach. Pianos: Madame Schumann, Mendelssohn e Moscheles.

Final: Moscheles interpreta algúns dos seus *Estudios*.



A LA LÁ

Pasan os anos e o 10 de abril de 1843 se inaugura o conservatorio de Leipzig con Félix Mendelssohn á cabeza. Félix leva tempo insistíndolle a Moscheles para que veña a Leipzig a integrar o cadro de profesores pero Moscheles se resiste.


Entretanto, no 1844, Mendelssohn viaxa a Londres (onde permanecerá ata xullo) para dirixir 5 concertos da Filarmónica, onde se da, entre outras obras, o seu oratorio *St. Paul*.

Xusto nese momento, 1844, Adalid tamén está en Londres e case con toda seguridade estivo nese concerto e coñeceu a Mendelssohn. Podería aventurarse mesmo a hipótese da participación de Adalid nos ensaios.

No 1846, o 2 de xaneiro Moscheles recibe unha carta de Mendelssohn insistindo novamente -xa se ve que isto da insistencia era un rasgo xenético nos Mendelssohn- en que se traslade de profesor a Leipzig. Moscheles ten que sopesar moito o cambio, mesmo na cuestión económica, xa que a súa posición en Londres era moi boa. Finalmente o 25 de xaneiro de 1846, Moscheles, definitivamente convencido polo seu amigo, acepta a proposta de Mendelssohn e o 21 de outubro dese ano chega a Leipzig. Nesta decisión, que economicamente non era ventaxosa para Moscheles, pésalle sobre todo o traballo serio e profesional de ensino que ía poder realizar no Conservatorio.

O posto que desempeñaba o propio Mendelssohn, ademais do de director, era o de profesor de 'Composición e Interpretación', téndolle reservado a Moscheles o de 'Xefe do Departamento de Interpretación e Composición', o que nos indica a veneración que profesaba por el.

É fácil supor que Moscheles trataría de que os seus alumnos máis destacados o seguisen alí. Esta suposición encaixa perfectamente co relato de primeira man que Pardo Bazán nos deixou do que sucede con Adalid neses momentos: "tres o cuatro años después de empezado el aprendizaje [de Adalid], Moscheles





A LA LÁ

advirtió a la persona encargada del jovencillo español, que éste debía consagrarse exclusivamente al arte, en cuya palestra le estaban reservados lauros copiosos, no solo como ejecutante sinó como compositor, y nombró al mismo tiempo el Conservatorio de Alemania donde continuase sus estudios con mayor amplitud y profundidad.”²

Hai que facer constar que o primeiro conservatorio que existiu en Alemania foi precisamente o de Leipzig, e, naqueles momentos, era o único, así que, por forza, Pardo Bazán refírese a el.



Esta vía de ampliación de estudos, quedaralle cerrada a Adalid pola

decisión paterna e ten que regresar a España.

A finais do ano seguinte (1847) morre Mendelssohn en Leipzig, e Moscheles estará ao carón de seu leito de morte.

Pero vexamos qué traballaba Adalid en Londres nas clases de Moscheles.

En primeiro lugar traballaba os *Estudos* do seu propio mestre, tanto os Op. 95 (para desenvolvemento da “bravura” e outros estilos de interpretación), como os Op70 (de carácter).




Ademais dos estudos, Moscheles márcalle unha ‘dieta’ bastante forte de *Sonatas* de Beethoven que inclúe as *Sonatas* de piano solo, as de violín e as de violoncello. Son edicións do propio Moscheles.

² PARDO BAZÁN, Emilia: ‘Un compositor español (Marcial del Adalid)’. En *La Época*, 2-III-1882.



A LA LÁ



Polo tanto, a formación de Adalid é unha formación na escola nomeada “alemana” por medio dun eminente profesor que coñecía perfectamente todas as tendencias musicais do seu momento. A denominación de escola “alemana” é particular e un pouco vaga, e refírese máis ben a unha escola centro-europea, non obstante era así como a denominaban eles mesmos. Adalid recibiu esta escola dun profesor checo en Londres.

A evolución estilística do piano de Adalid

Pero Adalid pertence a outra xeneración e, indudablemente, a súa sensibilidade era a correspondente á súa idade. Así que, de igual maneira

que Moscheles sufriu unha ‘febre’ beethoveniana na súa infancia da que o tivo que apartar o seu profesor Dionys Weber durante un tempo para podelo encarrilar debidamente, é posible que a produción, tamén ‘febril’, dos primeiros anos de Adalid se corresponda co entusiasmo da época por Chopin, compositor que non nos consta que Moscheles o inducira a traballar, o que sería ademais consecuente polo que vimos da súa opinión respecto do polaco, a quen admiraba pola súa orixinalidade pero non pola feitura das súas obras.

Adalid escribe na súa xuventude as obras de piano que a día de hoxe son as máis coñecidas, como por exemplo *El lamento*, *El último adiós* ou *Improvisación Fantástica*.

Son obras cheas de sensibilidade, cada nota ten sentido e non se poden tocar de forma trivial. Esixen coidar moito o son, as fermatas. No referente ás fermatas son de aplicación as palabras do propio Moscheles sobre a arte de Chopin: “o tocar ‘ad libitum’ como algúns cantantes que se preocupan moi pouco do acompañamento e seguen os seus propios impulsos.” En suma esixen moito traballo de ‘pianismo’ por parte do intérprete. É un virtuosismo do son, si se fan ben, non son de doada execución.

A este respecto, temos unha referencia directa da forma de tocar de Adalid. É dunha referencia periodística moi



escueta que nin sequera nos indica o título das obras, aínda que é probable que fosen obras súas. Ten o interese de ser do ano 48, ao pouco de saír das clases de Moscheles. Dí: “El Domingo hubo funcion en la Sociedad Artistica y Literaria: [...]tocó dos piezas al piano el apreciable joven D. Marcial del Adalid, con la inteligencia, fuerza de ejecución y buen gusto que le distinguen.”³ A “fuerza de ejecución” podería ser o que nos chamaríamos ‘bravura’. A intelixencia pode estar referida ás propias obras e á ‘explicación’ que se lles da na interpretación, e o “buen gusto” se referiría precisamente a execución desas pasaxes de fermatas, á calidade do son, o fraseo, etc.

A última obra que Adalid escribe baixo o signo romántico é a *Sonata Fantástica*, en 1853, unha obra moi ben elaborada, de grandes dimensións e importante dificultade pianística.

O cambio dos tempos e dos gustos

Despois desta primeira etapa na que Adalid mimetiza o estilo romántico, chopiniano, bel cantista, propio da época, e xa nos primeiros anos da década dos 50, comeza a escribir noutro estilo, aínda que todavía escribirá a *Sonata Fantástica* no puro estilo romántico.

³ Mosaico’. En *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia*. 4-IV-1848

Os 4 *Scherzos* é nese sentido a primeira obra dese novo estilo que ven sendo como un mirar ao pasado, ás raíces do clasicismo, xa que estes *scherzos* son unha reminiscia do clasicismo, en nada teñen que ver cos *Scherzos* de Chopin.

Hai unha crítica de Arrieta a estes 4 *Scherzos* adalidianos que é moi significativa porque nos ilustra do cambio do gusto que se produce neste momento. Nela, Arrieta fai primeiro unha consideración xeral da música de piano que se escribe na súa época na que entre outras cousas dí: “Los escritores modernos de música de piano, suelen escoger ideas sumamente sencillas y elegantes para desarrollarlas y hacer las piezas; pero el desarrollo consiste, casi siempre, en enlazar la melodía con variadas y vistosas enredaderas hasta apurar las fuerzas del ejecutante y (permítasenos la expresión) la paciencia de quien escucha.”

Está claro que o gusto cambiara, xa non estaban de moda os adornos, as fermatas, que pasan a denominarse “enredaderas”. Se nos paramos a pensar o que está a suceder ca música vocal, observaremos que é o mesmo. O bel canto da paso a un novo estilo liberado daquela profusión de adornos. A diferenza da escritura vocal do *Guillermo Tell* de Rossini respecto das súas óperas anteriores, ou a evolución do propio Verdi ilustrannos perfectamente acerca disto.



A LA LÁ

Na mencionada crítica, Arrieta continúa deciendo:

“En nuestro país son muy escasas las obras de piano que se han publicado, y no es ciertamente por falta de excelentes pianistas compositores capaces de producirlas. La introducción de música extranjera, la falta de gravadores y lo caro que cuestan, el poco apego que tenemos a todo aquello que es ... español, etc., etc. son la causa de que no tengamos un escogido y numeroso catálogo de obras para piano de autores españoles.

“Reservándonos para cuando nos sea posible ocuparnos de otros distinguidos pianistas compatriotas, a quienes admiramos, vamos a ocuparnos hoy del señor don Marcial del Adalid.

“Nosotros que no conocemos personalmente al señor Adalid, y solo sabemos de fama que es todo un pianista elegante y correcto, que se ha educado, según tenemos entendido al lado de un Moscheles nada menos, vamos brevemente a emitir un juicio sobre unos *Scherzi* suyos dedicados al señor don José Guelbenzu, y publicados últimamente en el gran almacén de música y pianos de M. y Salazar, calle de Esparteros núm. 3.

“Los cuatro *Scherzi* de que consta la publicación demuestran claramente la educación esmerada del autor y lo mucho que ha estudiado los clásicos.

“Las ideas del señor Adalid se distinguen principalmente por una sencillez elegante llena de severidad que es el sello peculiar de los autores alemanes. El sistema de modular y armonizar que adopta en todas sus obras es rico y variado, aunque algunas veces podría tacharse de oscuro y algo escolástico. El plan de las piezas en general es magistral y de proporciones convenientes. El señor Adalid tiene una facilidad extraordinaria y un gusto delicadísimo para adornar sus composiciones con detalles preciosísimos que a veces suelen superar en bondad e interés a la idea principal.

“Los cuatro *Scherzi* dedicados al señor Guelbenzu que muy pronto correrán por los salones de la buena sociedad y serán buscados con avidez por las personas de buen gusto, son cuatro joyitas diferentes entre si en cuanto al género, y sumamente iguales en mérito. Nosotros preferimos sin titubear ... todos ellos; y apostamos dos contra cinco a que la mayoría de los que los toquen o escuchen opinarán como nosotros.

“Cuando el señor Adalid publique otras obras de mayor importancia que tiene ya compuestas, tendremos el gusto de ocuparnos de ellas con más detención de lo que hoy lo hemos hecho con sus



lindos *Scherzi*, por los cuales le damos al maestro cordial parabién.”⁴

Interesa subliñar aquí como Arrieta percibe a escola ‘alemana’ en Adalid: “Las ideas del señor Adalid se distinguen principalmente por una sencillez elegante llena de severidad que es el sello peculiar de los autores alemanes. El plan de las piezas en general es magistral y de proporciones convenientes.” Recordemos neste sentido que se utilizaba a expresión ‘plan de la obra’ para referirse á estrutura (forma, desenvolvemento tonal, proporción das diversas seccións, etc).

Pertencentes a esta segunda época serían tamén o *Andantino scherzoso con variaciones a la antigua usanza*, o nocturno *Gratitud*, ou as *Romances sans paroles*.

Parece que o propio título da colección, *Romances sans paroles*, xa o dí todo. Evidentemente son a aportación de Adalid ao mesmo xénero que consagrou Mendelssohn, e como él, escribiu unha colección completa. As de Mendelssohn son 48, as de Adalid son a metade, 24. Todo o que se diga para as romanzas sen palabras de Mendelssohn é de aplicación ás de Adalid ‘ad pedem leterem’, a parte, claro está, do selo inconfundible de cada autor, o que me exime a min de máis comentarios.

Únicamente subliñar como, despois da ‘febre romántica’ da primeira época, Adalid, na súa evolución como compositor, vai hacia unha linguaxe aparentemente máis sinxela, pero na que vai a emerxer o seu ‘eu’ máis auténtico, aboando a “sencillez elegante llena de severidad” na que foi educado na súa xuventude.

Así mesmo podemos situar nesta segunda época a *Sonate pour le piano seul*, *Sonate pour le piano Quatre mains*, a *Marche funèbre*, os *Petits Riens* etc.

No caso dos *Petits Riens*, chama a atención o propio título que parece unha homenaxe ao ballet de igual título de Mozart-Noverre. Son, como indica o subtítulo, ‘6 valse a la tudesque’, é dicir, ao estilo alemán, do mesmo xeito dos que están presentes no folklóre dese país aínda hoxe en día e se interpretan nas festas populares con acordeón. Os compositores clásicos alemanes escribiron todos eles este tipo de danzas. Por exemplo os *Valses Sentimentais* e os *Valses Nobles* de Schubert. Penso que os de Adalid son unha homenaxe a ese mundo, visto a través dun cristal de cor francesa (están publicados en Francia). É como unha ‘restauración musical’, unha volta aos clásicos (novamente aboian os fundamentos da súa escola).

A repentina morte do presidente do Goberno Español, O’Donell, o 5-XI-1867 en Biarritz, posiblemente precipitou o

⁴ ARRIETA; Emilio: ‘Revista Musical’ En *La Nación*. 18-VI-1854



destronamento de Isabel II e o seu posterior exilio. Isto dá lugar a un tempo de mudanza no que tras do breve reinado de Amadeo de Saboya, virá a aínda máis breve, primeira República española. A *Marche Funèbre*, adicada por Adalid á memoria de O'Donnell está escrita para catro máns e, a pesar da súa aparente simplicidade, é moi fermosa.

Nesa época Adalid viaxa tamén a Francia e publica diversas obras en París entre as que se atopan as mencionadas *Romances sans paroles*, os *Petits Riens*, a *Sonate pour le piano seul*, a *Sonate pour le piano quatre mains* e esta *Marche Funèbre*. Esta publicación se produce entre os anos 1868 e 1869.

A terceira e última etapa de Adalid comenza coa composición da ópera *Inés e Bianca*, e é tamén a época de creación de numerosas cancións en diversas linguas de entre as que son especialmente importantes os *Cantares Viejos y Nuevos de Galicia* (é moi chamativo o paralelismo no título cos *Cantares Gallegos* de Rosalía que, de seguro, non é casual). Estes '*Cantares*' serán a base a partir da que nacerán as melodías galegas de Montes, Chané e Baldomir -dun xeito parecido a como os *Cantares Gallegos* de Rosalía serán a base a partir da que renacerá a poesía galega-, dando lugar ao noso xénero musical máis propio: a Melodía Galega, o fundamento do noso nacionalismo musical.

Adalid, a partir dun determinado momento da súa vida (1858-1860) empezara a usar os temas folklóricos galegos na súa música, estrenándose precisamente cunha obra para piano *Marcha triunfal Galicia*, adicada "A los bravos de África", en referencia aos soldados da guerra de África. Está escrita sobre "dos aires populares del reino de Galicia, si bien con la variación de tiempo correspondiente a su nueva forma".

Non obstante nesta terceira época atopamos na súa produción pianística obras de corte clásico como as *Tres Sonatas* para piano ou a xoia *Enfantillages, 12 morceaux caractéristiques écrits pour sa fille Marie*.

Como obra póstuma para piano deixóunos a *Danse Galicienne* que é unha muiñeira. Quedou autógrafa á súa morte e probablemente formaba parte dunha colección de pezas para piano que non chegou a concluír. É unha miniatura e case con toda seguridade inspirada nun tema do folclore.



A LA LÁ

UN CONSERVATORIO SOLIDARIO

Raúl Galán Cerveró, profesor de tuba e Subdirector do Conservatorio Profesional de Música da Coruña

Neste curso 2015/16 celebráronse dous actos solidarios realizados pola comunidade educativa do conservatorio profesional de música da Coruña: o primeiro realizouse a 2ª semana solidaria a favor do banco de alimentos “Rias Altas” co título “ 1 Quilo de música” entre os meses de novembro e decembro de 2015 .

Foi sorprendente a participación de todas as agrupacións do centro : Grupo de Percusión Atacca, Banda Infantil, Coro do Grao Profesional, Coro Infantil, Banda Xuvenil, Banda Sinfónica, Orquestra Infantil , Orquestra Xuvenil e Orquestra Sinfónica. Máis de 500 alumnos que deixaron a súa paixón pola música e a solidariedade.

A recadación grollou os 900 quilos, éxito que sen dúbida pertence ás familias que estiveron á altura do compromiso dos seus fillos nunha resposta da que todos nos sentimos orgullosos.

Tamén se realizou un concerto solidario no Pazo da Ópera da Coruña a favor da asociación Síndrome de Down no que participaron a Orquestra de Cordas de Grao Elemental, a Orquestra Xuvenil, a Orquestra Sinfónica, o Coro Infantil, o Coro do Grao Profesional, o Grupo de Percusión Atacca, o Ensemble de Guitarras e Arpas, a Banda Infantil, a Banda Xuvenil e a Banda Sinfónica. Esta gala foi presentada polo actor Carlos Villarino (ex profesor do noso centro).



Foi una xornada esgotadora, pero a enerxía positiva dos alumnos contaxiouse no público e os familiares, que encheron o Pazo da Ópera durante dúas horas e media de concerto. Para toda a comunidade educativa foi un día inesquecible.

É para min un privilexio poder traballar e colaborar nun Centro no que as persoas que conviven nel se implican de xeito tan desinteresado na organización de todos estes actos solidarios, facendo gala dunha gran calidade humana e devolvendo así unha conciencia solidaria e un compromiso máis alá da propia música.





A LA LÁ

GALA LÍRICA

Diana Sonkhieva, profesora de canto

A “Asociación Amigos de la Ópera” de Santiago de Compostela, deu comezo ás súas actividades que habitualmente leva a cabo dentro do seu “Maio Lírico”, inaugurando este ciclo coa “IV Gala Lírica dos Conservatorios de Galicia” (A Coruña, Pontevedra e Santiago), que tivo lugar no Teatro Principal.

Entre todos os participantes, Rosalía Cid Tarío, alumna de 4º curso de Grao Profesional no CMUS da Coruña, ofreceu “O meu babbino caro” – aria da ópera “Gianni Schichi” (1917-1918) de Giacomo Puccini – e que canta o lamento da sufrida Lauretta, filla do pobre bufo.

A xuventude da alumna non foi traba para que dotase a esta aria dunha interpretación cargada dunha expresividade, delicadeza e sensibilidade tales que a convertiron en

gañadora do premio outorgado polo xurado á mellor



interpretación operística.

Así mesmo, Rosalía Cid Tarrío recibíu das mans do público, o premio concedido á mellor cantante lírica da gala.

A segunda galardonada, Raquel Rodríguez Martínez, alumna de 6º curso de Grao Profesional, tamén do CMUS Profesional da Coruña, presentouse na categoría de zarzuela e ofreceu aos asistentes “En un país de fábula”, ensoñadora romanza de “La taberna del puerto” (Pablo Sorozábal 1936), tan ben incorporada por Fernando Trueba no filme “Belle Époque”.



A expresiva e sutil utilización de matices interpretativos, xunto coa riqueza técnica exhibida, levou a Raquel Rodríguez Martínez á consecución do premio pola mellor interpretación na categoría de zarzuela.

Ambas alumnas do Conservatorio Profesional da Coruña, e da profesora Diana Shomkueva, regresaron a casa como o que demostraron ser: dúas triunfadoras.

Parabéns!



A LA LÁ

“LET THE MUSIC DO THE TALKING”

Uxía Vilar Pazos, profesora de piano

“Let the music do the talking” (“deixa que a música sexa a que fale”) é un proxecto que nace polo interese de dous centros educativos europeos en cooperar e compartir boas prácticas. Por unha banda, unha escola de educación primaria de Londres na que a música ocupa un lugar no seu curriculum moi importante (The Walnut Tree Walk Primary School), e pola outra, un conservatorio de música, especialista na práctica musical instrumental e que está comezando un programa en educación bilingüe en inglés (o Conservatorio Profesional de Música da Coruña). Ambos centros educativos comparten unha similitude na idade do alumnado e un profesorado interesado en mellorar a súa práctica educativa.

Entre os obxectivos que ten o proxecto podemos mencionar, por exemplo:



Erasmus+

“empregar a música como lugar de encontro e integración de todos os participantes”, “mellorar as habilidades lingüísticas en inglés e español”, “desenvolver un traballo colaborativo entre dous centros educativos”, “mellorar a iniciativa a través da práctica musical, dunha historia, dun guión, dunha actuación e dunha posta en escea”, “promocionar e mellorar as competencias TIC tanto do alumnado como do profesorado”, “motivar ao alumnado a través de proxectos internacionais” ou “desenvolver novas aproximacións ao proceso de ensinanza-aprendizaxe coa finalidade de facer máis atractiva a educación e o estudo”.

Os principios de respecto, igualdade e inclusión están na base do proxecto, que ademais centra as súas actividades na creatividade, innovación, modernización e mellora da práctica educativa. Como resultados espéranse algúns tanxibles, como é a actuación

final en cada centro educativo, e outros non tan fáciles de cuantificar como o aumento das habilidades sociais, culturais, emprendedoras e creativas tanto do profesorado coma do alumnado, especialmente nos campos musicais e lingüísticos. En canto ao impacto previsto,



A LA LÁ

preténdese lograr unha actitude máis positiva do proxecto europeo e os seus valores, unha mellora das habilidades en linguas estranxeiras e competencias dixitais, a posibilidade de considerar a música como unha vocación profesional de futuro e desenvolver as súas habilidades artísticas, e un maior entendemento e responsabilidade da diversidade social, lingüística e cultural.

Este proxecto vai dirixido, no conservatorio, a todo o alumnado e profesorado da Sección Bilingüe, e na escola de primaria, a todo o alumnado e profesorado do Departamento Musical. Inicialmente, a idea era que houbo un intercambio de alumnado e profesorado entre os dous centros, levados a cabo a partir de actividades agrupadas en 6 fases que durarían 24 meses. Sen embargo, por razóns alleas ao noso centro, o alumnado e profesorado da escola londinense non viaxarán e serán os do noso centro os únicos que o fagan. Como resultado dese cambio houbo que variar e adaptar as actividades do proxecto, o que tivo como consecuencias que tardara en ser aprobado e que se tiveran que modificar a orde das fases. Seguirá durando dous cursos escolares, pero neste é o alumnado do conservatorio o que viaxa e no próximo a actuación levarase a cabo aquí, aínda que sen a presenza física (si estarán virtualmente) do alumnado e profesorado londinenses. O alumnado e profesorado implicado do noso centro estará en Londres do 26 de xuño

ao 2 de xullo. De feito, agora mesmo atópanse alí, traballando e gozando da experiencia. Viaxan finalmente 24 alumnos e alumnas con 7 profesoras e un profesor.

Foi un traballo moi duro preparar todo o material necesario por parte das profesoras da Sección Bilingüe debido



ao pouco tempo do que se dispuxo para facelo. O colexio londinense tivo que elaborar primeiro un guión sobre o que as profesoras do conservatorio tiveron que adaptar e elaborar pezas musicais para enfiar a historia. Unha vez elixido e adaptado o material musical, repartiuse entre o alumnado involucrado no intercambio, que tivo



A LA LÁ

que aprendelo en moi pouco tempo. Ademais, a organización da viaxe foi toda unha aventura contrarreloxo: busca das mellores datas para non perxudicar pedagogicamente ao alumnado, busca de voos e hotel o máis económicos posibles dentro das datas, organización de actividades para toda a semana en Londres, decidir restaurantes para todas as comidas e ceas, e un longo etc. que tivo como consecuencia moitísimas reunións e uns teléfonos móbiles que non pararon de vibrar durante os tres meses que durou esta preparación.

Outra das consecuencias que tivo o feito de que o proxecto fose aprobado tan tarde, foi o custo de toda a viaxe: tiñan que viaxar en tempada alta con ademais moi pouca marxe de tempo para reservas. Iso provocou a necesidade de argallar maneiras de recadar cartos e poder abaratar así o gasto das familias: vendéronse rifas, colocouse un mercadillo na entrada do centro e vendéronse lápis deseñados para a ocasión.

Estou segura de que o resultado de todo este traballo será excelente a todos os niveis, porque as miñas compañeiras traballaron moitísimo e con moitas ganas e ilusión, e o alumnado e as familias respostaron como esperabamos: tendo moitísima paciencia, apoiando e participando en todas as actividades que fixo falta, e preparando as pezas musicais nun tempo récord.



Eu non puiden finalmente viaxar e, aínda que é por unha boa causa, teríame gustado participar máis e poder acompañar nesta aventura a ese grupo de profesionais tan espectacular co que teño o luxo de traballar diariamente, e a todo ese alumnado ilusionado con aprender e vivir novas experiencias. Espero que aproveitedes a oportunidade ao máximo e que a gocedes como merecedes, e xa nos daredes envexa á volta aos que quedamos en terra.

Boa viaxe!



A LA LÁ



Pequeño Mozart, por Francisco Fafián Ardao (1º GE)

Sudoku Musical, por Pablo Araújo Rodríguez (1º GE)

Sopa de letras e Texto-Incompleto, por Uxía López González (1ºGE)

Panda e Vals da oscuridade, por Nadine Rojo Casas (2º GE)

O venres, por Joel Antonio Mato Pazos (1º GE)

Debuxo musical, por Irene Pérez Lis (1º GE)

PASATEMPO GANADOR DA 1ª EDICIÓN DO CONCURSO ALALÁ:

As claves da lingua, por María Iglesias López (3º GP)




A LA LÁ

Francisco Fafián Ardao (1ºGE)



SUDOKU MUSICAL, por Pablo Araújo Rodríguez (1º GE)





A LA LÁ

SOPA DE LETRAS, por Uxía López González (1ºGE)

E B J B H B Q W D O X D F U K T Z F
 G P D Q O M D L G W I R W M D F W D
 O W G P W P J I O A N Q K P Y D H J
 P A O I H L P N Ñ S S W S L P E S K
 N S Ñ P S E E G L V T R V E E S V N
 V V L E V D I U N B R D B D U G B F
 L B N I B S P A D F U G F S P H F U
 Ñ F D P F J U X B D M P D J L U D N
 S D B L D J D E U B E M B J D Y B R
 R B U D B K F M G H N U H K F B H U
 A H G F H F B U P U T I U F B F U I
 W U P B U G J S U K O X K G J C K P
 G K L J K U H I A O S D H U H V O T
 O O P H O F W C Q A S K L F W J P Q
 P K Q W U L D A L U K Ñ O J D V Ñ D
 L F L D F L F L U J L Y P R F T I F
 K J F F J D I D X Y Y U N O P K H G
 G Y X U Y U I R K P L G K Ñ N D E A
 W G P L Q G K E Q U S K L F W J P S
 D L C O R O G J A C B J Y R D E U D
 E I B H T H L E N G U E T A S D L U
 F C X R D B D W D V E E I K P I Y W
 R L U T U E F M E H L Ñ P L I U S H
 T A I Y J M P I G O L I L R I T O G
 H V O R G O E Q L N J L H O P W L J
 N E P U Y L E W A G D H I E F O U L
 J D N G P Q F A V D C H T Y S K U Ñ
 L U K O S D E R G W R U E L S H D I
 M P H H T E D T B S T S U W A F V G
 H E E I K A G H R H U P U I M D U Y
 X I W G P O P I A N O A H O P W S R
 Z P S Y L I Y G H I S O G N L F C Y
 H L F R O G J A C B J Y R D E U P H
 S D Y Y Y Y U N O P K H G F D S W F
 D F G T I R O A J J D U W E S F H C
 F B Q F P Y P C U L F R O G J U S V
 G W T C Q T L R T I R O F L J D D U
 H H Y E D F F U Y Y U N G P K H G K
 O D J D M C N S P S Y L I Y G H J S
 L F G G H P S A H T D D F F U Y Y R
 Q V B M S W O M E F G Y H J N V C N
 S Ñ P O U T Y G J E V J A S B R J O

Sopa de letras musical:

Se logras atopar todas as palabras que se mostran a continuación faras un debuxo: unha figura, unha clave, un sostido, un bemol...

Palabras:

- DO
- LIGUAXE MUSICAL
- INSTRUMENTOS
- BOQUILLA
- RE
- CLAVE
- NOTA
- PIANO
- PULSO
- SOL
- SI
- LENGUETA
- BEMOL
- FA
- LA
- MI
- ANACRUSA
- TEMPO



A LA LÁ

Panda

Nadine Rojo Casas



Joel Antonio Mato Pazos (1º GE)





A LA LÁ

Vals da oscuridade

Nadine Rojo Casas



TEXTO-INCOMPLETO, por Uxía López González (1ºGE)

Completa este texto según indiquen as pistas.

Hai tres tipos de instrumentos cordófonos, aerófonos e 1_____

Dentro dos cordófonos poden ser de punteados ou 2_____

os aerófonos poden ser de boquilla ou 3_____ e os 1_____

poden ser PAD ou 4_____.

Debemos escoller o 5_____ musical que máis nos guste, para chegar a 6_____ grandes 7_____ hai que dedicarlle moito tempo.

PISTAS:

1-Forma máis culta de chamar aos instrumentos de percusión.

2-Cando as cordas se tocan como en percusión.

3-Parte que teñen os instrumentos de aerófonos de madeira.

4-Siglas:Percusión de Altura Indeterminada.

5-Onde se executa música (non é a voz)

6-Cando tocamos una obra estámola

7-Sinónimo de idioma.



A LA LÁ





A LA LÁ

PASATEMPO GAÑADOR DO CONCURSO ALALÁ

AS CLAVES DA LINGUA por María Iglesias López (3ºGP)

Busca as sete claves, e descubre as palabras que teñen o significado⁽¹⁾ que figura na parte superior de cada pentagrama.

(1) <http://academia.gal/diccionario>

Diñeiro que unha persoa cobra con regularidade, polo traballo que realiza.



Fixe vostede a vista de maneira intencionada en algo ou alguén.



Para rematar, forma a última palabra.

Peixe mariño da familia dos pleuronéctidos, de corpo oval e cos ollos no lado dereito da cabeza, de cor parda ou verdosa, do que existen distintas especies.



Conxunto de signos con que se escribe ou transcribe a música.



Mantido un diálogo, unha conversa.



Dividido en anacos moi pequenos, mesmo ata facelo po.



Teño o domicilio nun lugar




1º pulso de FA en 3ª
2º pulso de SOL en 2ª
3º pulso de DO en 4ª (cambia a primeira letra por "T")




A LA LÁ

SOLUCIÓN

Sudoku musical



Sopa de letras



Texto-incompleto

- 1-Forma máis culta de chamar aos instrumentos de percusión.
2-Cando as cordas se tocan como en percusión.
3-Parte que teñen os instrumentos de aerófonos de madeira.
4-Síglas: Percusión de Altura Indeterminada.
5- Onde se executa música (non é a voz)
6-Cando tocamos una obra estámo-la
7-Símbolo de idioma.
- Debenos escoller o 5 **linguaxe** musical que máis nos guste, para chegar a **interpretar** grandes **obras** hai que dedicarlle moito tempo.
- PISTAS:
- os aerófonos poden ser de boquilla ou 3 **lengüeta** e os **lídofonos**
Dentro dos cordófonos poden ser de punteados ou 2 **percudida**
Hai tres tipos de instrumentos cordófonos, aerófonos e **lídofonos**
- poden ser PAD ou 4PAI.

Completa este texto según indiquen as pistas.

As claves da lingua

Para rematar, forma a última palabra.

1º pulso de FA en 3º

2º pulso de SOL en 2º

3º pulso de DO en 4º (cambia a primeira letra por "T")

RE SOL TO

MIRE

SOLFA

RESIDO

SOLO

SOLLA

RELADO

FALADO

Peixe maríño da familia dos pleuronectidos, de corpo oval e cos ollos no lado dereito da cabeza, de cor parda ou verdosa, do que existen distintas especies.

Dividido en anacos moi pequenos, mesmo ata facelo po.

Teño o domicilio nun lugar

Conxunto de signos con que se escribe ou transcribe a música.

Fixe voste a vista de maneira intencionada en algo ou alguén.

Díñeiro que unha persoa cobra con regularidade, polo traballo que realiza.

Busca as sete claves, e descubre as palabras que teñen o significado⁽¹⁾ que figura na parte superior de cada pentagrama.

(1) <http://academia.gal/diccionario>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



EDLG

CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE
MÚSICA DA CORUÑA